

## RESOLUCIÓN

**Expediente:** 2020/C003/000001

**Procedemento:** Contrato de obras mediante procedemento Aberto Simplificado

**Documento:** Resolución de LICITACIÓN

**Órgano de contratación:** Alcalde

**Asinante:** Alcalde-Secretario

## DECRETO

Contratación mediante procedemento Aberto Simplificado da obra: **Mellora viaria do Carracedo a Cornido**

Características do contrato que se pretende executar:

Procedemento: Aberto Simplificado

Tipo de contrato: obras

Obxecto: **Mellora viaria do Carracedo a Cornido**

Tramitación: ordinaria

Código CPV: 45233200

Presuposto (valor estimado): 102.057,03 euros

IVE: 21.431,98 euros

Presuposto base de licitación: 123.489,01 (IVE incluído)

Duración da execución: 6 meses

Á vista do expediente de contratación tramitado e examinada a documentación incorporada, cumpridas todas as formalidades requiridas pola normativa de aplicación e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento Aberto Simplificado, para a obra denominada **Mellora viaria do Carracedo a Cornido**, e convocar a súa licitación.

**SEGUNDO.** Aprobar o gasto correspondente, segundo se indica:

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe
2020	1533-629.11	123.489,01 €

**TERCEIRO.** Aprobar os Prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico que rexerán o contrato.

**CUARTO.** Publicar a licitación no perfil de contratante.

**QUINTO.** Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

**SEXTO:** Designar aso membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil do contratante:

-D.<sup>ª</sup> María Mercedes Noceda Gómez, concelleira que actuará como presidenta da mesa.

-D. Celestino Amigo Liñares, secretario-interventor da Corporación.

-D.<sup>ª</sup> María Dolores Maceiras Martínez, que actuará como secretaria da mesa.

Para o caso de ausencia por causa xustificada désígnanse os seguintes suplentes:

-D. Rafael Antonio Riveiro Piñeiro, concelleiro, suplente da presidenta.

D. José Antonio Maceiras Martínez, suplente de secretaria da mesa.

A suplencia do Secretario-Interventor realizarase conforme á normativa reguladora do réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.